

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social,
DECLARA:

Que a Consellería de Política Social asina coa Fundación Diagrama Intervención Psicosocial o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de abril de 2019 ao 31 de marzo de 2021.

Que o instrumento convencional ten por **obxecto** regular a colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Diagrama Intervención Psicosocial para a atención residencial e a intervención educativa integral e terapéutica con menores que teñen que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (LORPM) nos centros para o cumprimento de medidas xudiciais privativas de liberdade do complexo Montealegre. Así mesmo, incluírá a atención dos fillos e fillas menores de tres anos que convivan coas súas nais internadas, de acordo co previsto na letra n) do artigo 56 da LORPM) e no artigo 34 do Real Decreto 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar **fundaméntase** no seguinte:

Primeiro. A LORPM establece no artigo 45 que a execución das medidas adoptadas polos xulgados de menores nas súas sentenzas firmes corresponde ás comunidades autónomas, que poderán establecer os convenios ou acordos de colaboración necesarios con outras entidades, ben sexan públicas, da Administración do Estado, Local ou de outras Comunidades Autónomas, ou privadas sen ánimo de lucro, para a execución das medidas da súa competencia, baixo a súa directa supervisión, de acordo cos principios de cooperación e colaboración, e sen que iso supoña en ningún caso a cesión da titularidade e responsabilidade derivada da súa execución.

Segundo. Correspóndelle á Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores, nos termos establecidos na LORPM, de acordo co establecido no artigo 13 do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Terceiro. A execución das medidas xudiciais ten por obxecto procurar a reinserción e reeducación das persoas menores infractoras. Isto require unha intervención que debe ser levada a cabo por un equipo multidisciplinar de profesionais especializados nas áreas psicosocial e educativa, que dean resposta ás especiais características que presenta o colectivo obxecto de atención: carencia de ferramentas e habilidades sociais, cognitivas e/ou laborais; pertenza a familias desestructuradas, multiproblemáticas e/ou permisivas e con poucos ou ningún referente social positivo; presenza frecuente de consumo de substancias nocivas para a saúde; alto grao de absentismo e fracaso escolar; baixa autoestima, autoconfianza e tolerancia á frustración. Ás anteriores variables súmanse con frecuencia especificidades como a condición de emigrante ou a orixe étnica, que engaden novos condicionantes como a inexistencia de referentes familiares, problemas de documentación ou barreiras idiomáticas e culturais.



Cuarto. A Administración non conta cos medios persoais necesarios para a execución das medidas privativas de liberdade. Co obxecto de garantir a correcto desenvolvemento desta competencia que a LORPM lle atribúe, considerouse necesario acudir a fórmulas colaborativas con entidades privadas para o desenvolvemento da súa actividade, ao abeiro do establecido nos artigos 45 da LORPM e 8 do Decreto 1774/2000, do 30 de xullo, polo que se aproba o regulamento da LORPM.

Quinto. O carácter singular da intervención determinou a necesidade de establecer convenios de colaboración con entidades especializadas na intervención con menores de cara á consecución de obxectivos compartidos, encamiñados á inserción e reeducación da persoa menor, que realizarán as súas funcións sen unha compoñente lucrativa, prestando a súa colaboración a cambio exclusivamente dunha compensación polos gastos ocasionados polo exercicio da actividade, conservando a Administración a responsabilidade da execución das medidas xudiciais, tal e como establecen os citados artigos 45 da LORPM e 8 do Real Decreto 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento.

Sexto. Dada a existencia dunha pluralidade de entidades entre cuxos fins se atopa a intervención socioeducativa con mozos e mozas, capacitadas para desenvolver os programas de intervención co menores, valorouse necesaria a articulación dun procedemento de selección que garantise os principios de publicidade, transparencia, concorrència, obxectividade e non discriminación, e que posibilita a elección de proxectos que aseguren unha mellor calidade técnica da intervención, co fin de que se realice unha execución adecuada das medidas en beneficio do menor e tendo en conta os seus intereses.

Sétimo. O 15 de xaneiro de 2019 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a resolución do 28 de decembro de 2018 pola que se convoca o procedemento de selección de entidade privada sen ánimo de lucro para a atención residencial e a intervención educativa integral e terapéutica con menores que teñen que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na LORPM nos centros para o cumprimento de medidas xudiciais privativas de liberdade do complexo Montealegre (Ourense).

Oitavo. O 29 de marzo de 2019 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a resolución do 22 de marzo de 2019 pola que publica a resolución do procedemento de selección de entidade privada sen ánimo de lucro para a atención residencial e a intervención educativa integral e terapéutica con menores que teñen que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade, previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, nos centros do complexo Montealegre (Ourense) para o cumprimento de medidas privativas de liberdade. Dita resolución foi obxecto de corrección de erros no DOG nº 65, do 3 de abril de 2019.

De acordo co indicado na dita resolución se acorda selección para levar a cabo a atención residencial, a intervención educativa integral e terapéutica con menores que teñen que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores nos centros para o cumprimento de medidas xudiciais privativas de liberdade do complexo Montealegre á entidade Fundación Diagrama Intervención Psicosocial, en aplicación dos criterios de valoración e baremo do punto décimo primeiro do Anexo I da Resolución do 28 de decembro de 2018

Noveno. Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.



En atención ao exposto e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada á sinatura do instrumento convencional que se pretende con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

